




ACIVEIRO E NEVEIROS DO CANDÁN

Adela Leiro, Mon Daporta
setembro 2025



Distancia: 8 km (lineal) Aciveiro-Fixó en coche
Fixó-neveiros 3 km (lineal) e pé
Dificultade: baixa



Bufo real (*Bubo bubo*)

Propoñemos facer unha pequena ruta nun territorio amplo - a serra do Candán- que ten moitas posibilidades, desde o simple paseo para gozar das paisaxes dos cumes ata visitas a puntos concretos de interese artístico (mosteiro de Aciveiro, igrexas, pazos) etnográfico (núcleos de poboación, muíños, neveiros...) ou natural (bosques, flora, fauna, fervezas...)

PERCORRIDO

Desde Aciveiro, podemos achegarnos a visitar o mosteiro de Santa María de Aciveiro. E na beira do río Lérez a ponte medieval de Andón. De volta en Aciveiro imos ata o lugar de Fixó (8 km) e desde alí camiñando ata os neveiros. Hai que subir por unha pista de terra durante 1 km e logo está sinalizado

Salgueiro na beira do Lérez en Andón





SERRA DO CANDÁN

É unha serra con orientación N-S, de perfil suave, formada por xistos, anfibolitas, ortogneis e paragneis rotos, pregados e tumbados que conforman un relevo bastante accidentado. A altura máxima é de 1.017 no monte de San Bento. Recolle unhas precipitacións anuais moi elevadas que dan lugar á formación de brañas no seu interior e aos mananciais que serven de nacemento a numerosos ríos e regueiros: afluentes do Avia; Deza e os seus afluentes Candán, Grovas e Asneiro; Lérez, e Umia.

Os seus cumes, como os de grande parte do territorio galego, están marcados pola presenza de aeroxeradores.

Está protexida como LIC. Accedese desde Forcarei, Soutelo de Montes, Silleda ou Lalín.

Na serra do Candán alternan pequenas áreas cultivadas nas zonas habitadas con bosques, nos fondos dos vales, e monte baixo nos cumes.



Carballeira de Zobra



MOSTEIRO DE ACIVEIRO

Antigo mosteiro de estilo románico, construído no século XII. En 1649 sufriu un incendio e quedou afectado pola Desamortización en 1842. As estancias monacais foron restauradas no ano 2005 e convertidas nun Hostal-Monumento a “Hospedería San Gonzalo das Penas”. A igrexa do mosteiro está conformada por tres naves e tres ábsidas. Está aberta ao culto. Está situado en plena serra do Candán o que fai del un bo punto de partida para facer percorridos.



NEVEIROS

Tamén coñecidos como casas da neve. Son construcións para o almacenamento e conservación da neve para a súa posterior comercialización, convertida en xeo.

O Mosteiro de Acibeiro explotou varias na Serra do Candán, das que aínda se conservan restos.

Tense constancia da existencia de tres pares máis das que non hai restos: Casarello (na Lagoa dos Pastizais, nos altos de Vilariño), Rego dos Neveiros (a carón de Suapica), e Suaneveira (en Masgaláns).

As fe Fixós foron parcialmente rehabilitadas entre os anos 2016 e 2017.



Neveiros de Fixó

